

VALORACIÓN DA COORDINADORA GALEGA DE ENDL ANTE O DESENVOLVEMENTO DA CONSULTA ÁS FAMILIAS

A Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística (CGENDL) quere poñer en coñecemento da sociedade galega o malestar creado pola imposibilidade de desenvolvermos con absoluta normalidade unha campaña informativa entre as familias, de entre as moitas que os equipos de normalización (ENDL) levamos realizando desde hai anos, tal e como se pode ver na propia web que acaba de lanzar a Secretaría Xeral de Política Lingüística e que, tal e como acaba de ratificar o Tribunal Superior de Xustiza, entran dentro das nosas funcións.

As ameazas xurdidas a raíz da posta en circulación do tríptico informativo “As linguas suman”, elaborado pola propia coordinadora e difundido masivamente por toda a comunidade escolar de Galicia, concrétanse en numerosos correos que recibiu a CGENDL onde se dá conta de:

- chamadas nocturnas aos teléfonos particulares de directores prohibindo expresamente o reparto do noso tríptico á mañá seguinte;
- obriga do profesorado a rexistrar nunha folla comentarios feitos nos centros polas nais e os pais acerca do inquérito;
- chamadas a coordinadores de equipos instándoo a retirar o material informativo xa distribuído;
- expulsión do recinto escolar do profesorado e ANPAs que pretendían repartir o material; ou
- ameazas de denuncias e aperturas de expedientes sancionadores.

Estes e outros feitos coartaron a liberdade de expresión do profesorado e someteron aos ENDL a unha censura que impedía que desenvolvesen libremente as actividades para as que legalmente están constituídos e sobre as que a inspección educativa non debe interferir sempre que estas se axusten a dereito, e aínda menos a través de indicacións orais e un correo anónimo que non posúen valor normativo ningún.

Por último, dende a CGENDL denunciámos que esta enquisa, carente de rigorosidade científica e de fiabilidade no proceso de recolla de datos, segue sumando novas irregularidades día a día, como que en moitos casos estea sendo cumprimentada directamente polo alumnado ou que non fose distribuída ata hoxe mesmo nos centros de educación especial (nalgúns deles nin sequera saben nada aínda). A este respecto, preguntámonos se estes rapaces e os seus pais teñen os mesmos dereitos que o resto das familias que poden participar na consulta.